

CURSO DE FORMACIÓN DE FORMADORAS EN MATERIA DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL E EMPODERAMENTO DAS MULLERES RURAIS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO (100 horas)

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Ao finalizar a formación de formadoras en materia de alfabetización dixital e empoderamento de mulleres con perspectiva de xénero, as participantes terán os coñecementos teóricos e as habilidades metodolóxicas necesarias para:

- Capacitar en TIC a mulleres rurais de diferentes contextos dende unha metodoloxía participativa con enfoque de xénero.
- Facilitar a inclusión dixital das mulleres rurais, reducindo a brecha de xénero.
- Promover o empoderamento das mulleres a través da utilización das ferramentas TIC de comunicación e participación social.
- Promover a autonomía das mulleres a través da incorporación das TIC na súa vida cotiá.
- Analizar a situación de mulleres e homes en relación á sociedade da información no ámbito en que traballan.

OBXECTIVOS ESPECIFICOS E CONTIDOS DO CURSO

Os contidos da formación distribúense en catro módulos:

Modulo I: Metodoloxía

Incidirase, de forma teórica e práctica, no XÉNERO como unha categoría analítica, e na PARTICIPACIÓN como un elemento central na construción do coñecemento e na aprendizaxe dende os propios intereses e experiencias das participantes.

Obxectivos:

As participantes ao finalizar a formación:

Coñecen os principais elementos teóricos e prácticos da metodoloxía participativa como proceso de aprendizaxe reflexiva conxunta.

Coñecen os principais elementos do enfoque de xénero e da súa transversalización.

Teñen capacidade para enfocar a aprendizaxe das ferramentas TIC ás necesidades, intereses e experiencias das propias mulleres, partindo da visión das TIC como un medio e non un fin en se

mesmo, fomentando un uso creativo das TIC.

Contidos que se traballan:

- Enfoque de Xénero
 - . Que se entende por xénero: principais conceptos.
 - . Por que traballar a formación en TIC con enfoque de xénero.

- Teoría e práctica de metodoloxía activa-participativa.
 - . Definición e elementos principais da metodoloxía participativa.
 - . Técnicas participativas: principais características e deseño de dinámicas
 - . Metodoloxía participativa e enfoque de xénero

Módulo II. Coñecementos básicos no uso das TIC

Obxectivos:

Ao finalizar o módulo as participantes teñen os coñecementos básicos e as habilidades metodolóxicas necesarias para capacitar mulleres rurais no uso do ordenador e as súas compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

Contidos que se traballan:

Coñecemento básico do ordenador e os seus compoñentes (impresora, fotocopiadora-escáner, cámara, micrófono, etc.)

Funcionamento básico, incluíndo aspectos relativos á seguridade (antivirus e backups) e as licenzas de uso.

Uso e funcionamento doutros aparatos tecnolóxicos de uso habitual (principalmente móbil e as súas aplicacións).

A internet e as súas principais utilidades (vías de conexión, navegadores, principais buscadores de información, etc.).

Módulo III. Ferramentas de comunicación, participación, ocio e xestión da vida diaria

Obxectivos:

Ao finalizar o módulo as participantes teñen coñecementos teóricos e as habilidades metodolóxicas necesarias para capacitar mulleres rurais no uso das principais ferramentas TIC de comunicación, participación, ocio e xestión da vida diaria.

Contidos que se traballan:

- Empoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, line, etc.), e de participación nas redes sociais (facebook, twitter, tuenti, instagram, pinterest, flickr, etc.),
- Busca de información on line (buscadores, periódicos, raio e televisión, blogs)
- E-xestión da vida cotiá -saúde, ocio e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica, organizacións de mulleres, recursos etc. -.

Módulo IV. Creatividade, formación e emprendemento a través das TIC

Obxectivos:

Ao finalizar o módulo as participantes teñen os coñecementos teóricos e as habilidades metodolóxicas necesarias para desenvolver as capacidades creativas das mulleres rurais mediante o uso das TIC como ferramentas de ocio, autoaprendizaxe e emprendemento, vinculándoas coas motivacións e afeccións das propias mulleres.

Contidos que se traballan:

- Ferramentas TIC de ocio e entretemento.
- TIC para a formación e a autoaprendizaxe.
- Emprendemento a través das TIC.

QUE NON É O PROGRAMA?

- . Un curso de informática sobre unha temática concreta.
- . Non é aprender a preparar e/ou instalar un ordenador.
- . Unha formación en TIC que requira uns coñecementos previos específicos.

QUE É O PROGRAMA?

- . A posibilidade de adaptar a aprendizaxe ás necesidades de grupo.

- . É formación en habilidades para comunicarse cos novos medios tecnolóxicos.
- . O obxectivo é o uso efectivo das ferramentas da internet sen impoñer de modo ningún a informática como obxectivo.
- . Dotar de destrezas para utilizar recursos que favorezan a comunicación.

QUEN IMPARTE A FORMACIÓN?

O Instituto da Muller en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade

DATAS E HORARIOS

1ª parte: do 2 ao 5 de decembro de 2013

Horario mañás: de 9 a 14

Horario tardes: Luns e Martes de 16 a 19:30; Mércores de 16 a 19

2ª parte: datas e horarios por determinar (xaneiro ou febreiro de 2014)

LUGAR DE REALIZACIÓN

Escola Galega de Administración Pública (aula 201). Rúa de Madrid, 2-4. Polígono de Fontiñas.
15707 Santiago de Compostela